

 [ORDE do 29 de maio de 2024. DOG do 6 de xuño de 2024](#)

PRAZO DE SOLICITUDES: 7 de xuño a 8 de xullo



DATA DA PROBA: 4 de setembro de 2024



DESTINATARIOS

Alumnado que finalice os estudos de ESO no curso 2023-2024 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia cunha **nota media** na ESO igual ou superior a **9**.



CARACTERÍSTICAS

Os candidatos/as realizarán unha **proba presencial**.

Para optar ao premio deberán obter un mínimo de 5 puntos en cada exercicio.



DOTACIÓN

Concederanse un máximo de **20 premios** dunha contía de **1.000 €** por premio.



QUEN PRESENTA A SOLICITUDE?

Unha persoa menor de idade NON pode presentar directamente a solicitude (agás que estea emancipada).

» ALUMNADO MENOR DE 18 ANOS OU MAIOR DE 18 TITORIZADO

Actúa a través dun representante legal (pai, nai ou tutor/a legal).

O alumnado de centros incluídos en XADE non ten que entregar certificación da representación. O resto (centros privados que non están en XADE) debe presentala (p.ex. libro de familia).

» ALUMNADO MAIOR DE 18 ANOS OU MENOR EMANCIPADO

Pode presentar a solicitude directamente.



COMO SE PRESENTA A SOLICITUDE?

» TELEMATICAMENTE (CHAVE365, DNI ELECTRÓNICO, CERTIFICADO DIXITAL)

A través da aplicación **PremiosEdu**

<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>
ou no **código QR**.

Ou a través do formulario normalizado dispoñible na **Sede Electrónica** (Procedemento ED311D)

<https://sede.xunta.gal>

É imprescindible cubrir todo o formulario (de ser necesario, datos de representante e a súa sinatura, datos para efectos de notificación, comprobación de datos...).

» PRESENCIALMENTE

En calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa.



A PROBA

A proba presencial é única en toda Galicia e realizarase de xeito simultáneo en distintas sedes. Os **cinco exercicios** versarán sobre:

Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira cursada como primeira lingua, Xeografía e Historia, e Matemáticas A ou Matemáticas B (segundo a cursada polo alumno/a).

É obrigatorio **levar DNI ou pasaporte** para realizar a proba.



MÁIS INFORMACIÓN

Toda a información, incluídos exames doutras convocatorias e as sedes onde se realizarán as probas, pódese atopar en:

<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>
ou no **código QR**.

